





# A VIAXE DE RUTH

DOCUMENTAL



**ASOCIACION CULTURAL DOUSPUNTOOITO**  
**PRESENTA**  
**A VIAXE DE RUTH**  
**UN DOCUMENTAL DE JAIME PARDO**

**MEMORIA DO PROYECTO**




## SINOPSE ARGUMENTAL

O 8 de Agosto de 1924, a bordo do vapor S.S. Rossiñol, dous pasaxeiros chegan a Vigo. Trátase dos fotógrafos americanos Ruth Matilda Anderson e o seu pai, Alfred.

Aí comeza A viaxe de Ruth, que levaría a pai e filla a percorrer Galiza utilizando tódolos medios de transporte dispoñibles naquela época. Ruth viña contratada pola Hispanic Society, cuxo fundador Archer M. Huntington era un enamorado de España.

O obxectivo da viaxe era documentar a forma de vida dos galegos , fotografando os ritos, os costumes, os oficios, o traballo infantil o traballo feminino, os intercambios comerciais...E facendo fincapé no chamado "ciclo da vida" (nacemento,iniciación, madurez e morte)



Case 100 anos despois quero rememorar esa viaxe visitando moitos dos lugares que Ruth e o seu pai fotografaron; tratando, cando sexa posible, conseguir as mesmas tomas que ela fixo e comprobando como o paso do tempo transformou a fisionomía, a vida, a paisaxe e as xentes de Galiza e tamén aquelo que se resistiu a cambiar. Ó longo deste percorrido, entrevistarei a distintas persoas que nos darán detalles da viaxe de Ruth dende distintos puntos de vista. As más de 6000 fotografías realizadas por Ruth e que conforman o fondo fotográfico da Hispanic Society son a reportaxe máis completa realizada en Galiza desde o punto de vista documental, tanto pola diversidade de temas e localizacións, como pola maneira de tratar ás xentes que fotografou. E un traballo fundamental para a recuperación da nosa memoria histórica.



## TRATAMENTO

A nosa maneira de rememorar esta viaxe será que un fotógrafo galego, Xosé Reigosa, percorrerá unha parte importante dos lugares que Ruth visitou, tratando de localizar as fotografías que ela realizou para poder comparar aqueles escenarios que ela retratou co que son hoxe en dia. Una Galiza maioritariamente rural da que case todo se perdeu en comparanza cunha Galiza de hoxe na que o rural vai esmorecendo en favor da vida nas cidades. Comprobar que foi de aquel pobo que despertaba e comezaba a ollar o futuro. Que foi de moitas das súas costumes e tradicións. Das que sobreviven e das que se perderon.



En resumo o que intentamos con este proxecto é dar a coñecer un pouco máis o impresionante traballo de esta fotógraфа, -unhas 6.000 imaxes realizados nas dúas viaxes – e que a xuízo de algúns historiadores non ten parangón con ningún traballo da época.

Para a escenificación das pasaxes más importantes da viaxe, contamos coa colaboración da Asociación veciñal "Liga Santaballesa" de Santaballa, Villalba, e a Aula de Teatro do Concello de Sarria.



## **ENTREVISTADOS**

Entrevistaremos a distintas personalidades, historiadores e investigadores do traballo de Ruth como son:

- Ramon Villares**, doutor en historia, presidente do Consello da Cultura Galega, e especialista en historia de Galicia de la época.
- Miguel Anxo Seixas Seoane**, historiador, comisario da exposición "Ruth Matilda Anderson. Unha mirada de antano".
- **María Vázquez**, profesora de Historia da Arte e Teoría da Imaxe na Escola de Arte e Superior de Deseño "Ramón Falcón" de Lugo
- Pejerto Saavedra**, historiador e catedrático de Historia Moderna da Universidade de Santiago de Compostela.
- Manuel Sendón**, doutor en Belas Artes, fotógrafo e investigador da historia da fotografía en Galiza.
- Santiago Garrido**, xornalista da Voz de Galicia.



## OS AUTORES

A productora do documental, **Asociación Cultural Dous Punto Oito**, ten entre os seus fins sociáis a difusión das artes audiovisuais gallegas.

O director **Jaime Pardo Valdes**, é fotógrafo e director de documentais. Ten dirixido e producido documentais como “El Mariscal Pardo de Cela: Leyenda, mito y realidad”, “Lembranzas da Escola, recordos da infancia”, “DE LVCVS A LUGO, 2000 AÑOS DE HISTORIA”, “Villanueva de Oscos es...”, “O percebeiro que liberou Paris”.

O condutor e presentador, **Xose Reigosa**, é fotógrafo e documentalista. Os seus derradeiros proxecto son: “Entre Marbella e Torremolinos, imaxes de manicomio”. “A Muralla cohabitada”, (exposición e libro)... “A Chocolateira” documental de 52 m. sobre o tren mineiro de Vilaodrid a Ribadeo. “O Piloto”, documental sobre a vida do guerrilleiro José Castro Veiga.



La guionista **María Vázquez López**, Licenciada en Geografía e Historia, e Guionista e productora en Catrobé Films, "Amanece despejado" cortometraje, Premio Setdart al Mejor Blog de Arte de España (2014), Mención especial en el Concurso Internacional de Guiones de Cortometrajes en el Festival Internacional de Cine Fantastico (FKM) de A Coruña por Test (2016), Winner March 2017 Best Original Screenplay Short London Independent Film Awards for TEST (2017), Winner May 2017 Best Original Screenplay Short London Independent Film Awards for I Only Have Eyes For You (2017).

A música e de **Arturo Vaquero**, que es un compositor musical galardonado con un premio Mestre Mateo y una nominación a los Goya por sus trabajos cinematográficas. Entre sus banda sonoras cabe destacar la música realizada para el

Largometraje de Animación "O Apóstolo", no cal traballou co compositor americano Phillip Glass.



